



No ano 1999 o escritor José Saramago doou o premio literario Arcebispo Xelmírez para crear unha Biblioteca na cidade de Santiago de Compostela.

O Centro Sociocultural de Vite foi elixido para recibir e investir esta dotación na súa biblioteca que en diante levaría o seu nome.

Co tempo, abríronse nos Centros Socioculturais de Conxo, As Fontiñas e Santa Marta novas salas desta biblioteca, todas elas co nome do premio Nobel.

A biblioteca pública municipal José Saramago do Concello de Santiago ofrece os seus servizos a todos os membros da comunidade que se acheguen a usar as súas instalacións.

Está constituída por pequenas bibliotecas nos barrios que prestan os seus servizos desde a proximidade: acceso a internet, préstamo, salas de lectura, actividades de dinamización... e queren ser unha primeira porta á cultura escrita para a veciñanza dos barrios onde se atopan.



É a plataforma de préstamo de libros electrónicos na internet da Rede de Bibliotecas de Galicia. Terás acceso ao préstamo de libros electrónicos gratuítos en distintos dispositivos.

- Qué precisas?

Ser usuario dunha biblioteca da Rede de Bibliotecas de Galicia. Ter un dispositivo de lectura compatible.

- Qué vas atopar?

Libros electrónicos para ler en liña ou descargar en préstamo nos teus dispositivos de lectura.

Achégate a túa biblioteca e pregunta.

Facemos sesións informativas.

Apúntate a unha se estás interesado/a!!!



www.galiciale.es

**A BIBLIOTECA JOSÉ SARAMAGO NA REDE:
CONTACTAR VÍA WEB**

bibliotecas@santiagodecompostela.org

Páxina dos Centros Socioculturais

www.santiagosociocultural.org

Páxina do Concello

www.concellodesantiago.org

Catálogo na web e páxina da biblioteca

www.opacmeiga.rbgalicia.org

Club de lectura de Fontiñas

www.omaldacereixa.blogspot.com


Club de lectura do Ensanche

oensanche.wordpress.com

Biblioteca Pública

José Saramago

dos centros socioculturais de Santiago de Compostela



SocioCulturais

Rede de Bibliotecas de Galicia





CSC das Fontiñas

TERCEIRO ANDAR

- 250 m² de superficie
- 70 postos de lectura

SERVIZOS

- Revistas
- 5 xornais: El País, El Mundo, El Correo Gallego, La Voz de Galicia e Marca
- Información e asesoramento ó lector
- Préstamo e servizo de reserva
- Acceso ao catálogo xeral da biblioteca
- Rede sen fíos
- Zona de adultos
- Zona infantil
- Zona de prensa e revistas
- Seccións de banda deseñada: Adultos e infantil
- Fondo local

42°53'02" N 8°31'52" O
rúa de Berlín, nº 13
15707 Santiago
TF.: 981 528 752

Horario da biblioteca
De martes a venres
De 10.00 a 14.00 h
De 17.00 a 21.00 h
sábado:
De 10.30 a 13:30 h
De 17.00 a 20.45 h

CSC de Vite



PRIMEIRO ANDAR

- 100 m² de superficie
- 30 postos de lectura

SERVIZOS

- Revistas
- 4 xornais
- Información e referencia
- Fondo Local de Santiago
- Préstamo e servizo de reserva
- Acceso ao catálogo xeral da biblioteca
- Rede sen fíos
- Zona de adultos
- Zona infantil (na Aula de Xogo)
- Zona de prensa e revistas
- 2 ordenadores de uso público
- Seccións de banda deseñada: Adultos e infantil

42°53'29" N 8°32'23" O
rúa de Carlos Maside, nº 7
15703 Santiago
TF.: 981 542 490

Horario da biblioteca
De martes a venres
De 17.00 a 21.00 h
sábado:
De 17.00 a 20:30 h



CSC de Conxo

- 50 m² de superficie
- 35 postos de lectura

SERVIZOS

- Actividades de animación na biblioteca



42°51'46" N 8°33'20" O
Praza da igrexa, s/n
15702 - Santiago
TF.: 981 528 740



CSC de Santa Marta

PRIMEIRO ANDAR

- 137 m² de superficie
- 39 postos de lectura:
27 para adultos
12 para nenos

SERVIZOS

- Revistas
- 5 xornais
- Información e referencia
- Consulta na sala
- Préstamo e servizo de reserva
- Acceso ao catálogo xeral da biblioteca
- Rede sen fíos
- Zona de adultos
- Zona infantil
- Zona de prensa e revistas
- Fondo local
- Seccións de banda deseñada: Adultos e infantil

42°52'12" N 8°33'38" O
rúa de Antonio Rama Seoane, nº 6
15706 Santiago de Compostela
TF.: 981 543 017
Fax: 981 543 018

Horario da biblioteca
De martes a venres
De 10.00 a 14.00 h
De 17.00 a 21.00 h
sábado:
De 10.30 a 13:30 h
De 17.00 a 21:00 h

Biblioteca Pública Municipal

ESPAZO WEB

www.opacmeiga.rbgalicia.org
(e seleccionas a nosa biblioteca)

Alí podes atopar:

Novidades de biblioteca
Anuncios
Catálogo na rede

RESERVAS

Pódense reservar libros
(2 como máximo)

As reservas estarán dispoñibles para a persoa ata 3 días despois do aviso telefónico.

ACTIVIDADES VENCELLADAS Á BIBLIOTECA

CLUBS DE AMIGOS DA LECTURA

CSC das Fontiñas:

Segue as súas lecturas no blog: omaldacereixa.blogspot.com.es

CSC do Ensanche:

As súas actividades aparecen no blog: oensanche.wordpress.com

CSC de Conxo

CSC de Santa Marta:

As súas actividades aparecen no blog:
clubdelecturasantamarta.blogspot.com.es

INTERCAMBIO DE LIBROS

"Trae un libro e leva outro", entre usuarios das bibliotecas dos CSC de Fontiñas, CSC de Santa Marta e CSC de Vite.

PERIODOS DE PRÉSTAMO

Libros e cómics: 15 días

Material Audiovisual: 3 días (sen renovacións)

SUSPENSIÓN DO PRÉSTAMO:

Un día de suspensión por cada día de atraso na devolución.

NORMAS BÁSICAS DA BIBLIOTECA

Dentro da biblioteca hai que gardar silencio.

Débense apagar ou silenciar os móbiles dentro da biblioteca.
É necesario presentar o carné para poder levar en préstamo calquera material da Biblioteca.

Pódense levar en préstamo ata un máximo de tres libros.

A devolución dos préstamos debe realizarse antes da última data apuntada.

En caso de que se perda o material ou se deteriore, o usuario debe repoñelo ou abonar o seu custo.

É imprescindible facilitar datos de localización fidedignos e actualizados para notificacións.

FACERSE SOCIO. TRÁMITES

É gratuito

Cubrir a solicitude de carné. No caso de menores de 16 anos, con autorización.

Dúas fotos tamaño carné

Pódense requerir a presentación dalgún documento acreditativo (DNI, pasaporte, etc)

Tempo de tramitación máximo: unha semana

*** Se desexa o carné da AULA DE XOGO deberá cubrir alí a documentación complementaria que lle facilitarán nese espazo.**

REDE MUNICIPAL DE CENTROS SOCIOCULTURAI

SOLICITUDE DE CARNÉ DE SOCIO

DATOS PERSOAIS

DNI:

Apelidos:

Nome:

Enderezo:

Localidade:

Código Postal:

Teléfono móbil:

Outro teléfono:

Correo electrónico:

Data de nacemento:

SE O SOCIO É MENOR DE 16 ANOS DEBERÁ CUBRIR TAMÉN ESTES DATOS

Nome da titora:

Nome do titor:

Nome do colexio do neno/a:

Don/Dona:

dou fe de que os datos deste formulario son certos e asino:

NOTA LEI DE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Segundo a Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informamos de que os datos facilitados serán incluídos nos ficheiros da rede de centros socioculturais con fins informativos, así como da posibilidade de exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición en calquera momento poñéndoo en coñecemento deste departamento.

